

Resíduos tóxicos e solos contaminados

Os meios de comunicación recolleron unha vez mais as informacións oficiais sobre o número de solos contaminados (mais de 500). É este un tema que a administración gusta de airear, quizá porque as empresas responsábeis xa teñen desaparecido do lugar e a administración pensa en lucir-se de cara a galería sen enfrentar-se con elas. Mais ao contrario, son moitas as empresas que esperan con ansia que os fondos públicos cheguen a estes temas, pois os intereses criados polas tecnoloxías ambientais manexan hoxe cuantiosas sumas.

Trata-se de empresas ás que a prevención non lles interesa o mais mínimo, como tampouco semella interesar-lle á administración galega e estatal. Un bon exemplo disto é a actuación da empresa "Protección Medio Ambiental" de Cerámicas Campo que, co apoio da Xunta, queima os aceites usados en Laracha e en Cábados, xerando unha forte contaminación atmosférica e unha cantidade non cuantificada de residuos sólidos tóxicos e perigosos que son simplemente enterrados no solo (ver fotografía). Velaí outro solo contaminado para o futuro. É outro exemplo o proxecto de incineradora de lixo, para Cerceda, que xeraría mais de 80.000 Tm ano de cinzas e escórias tóxicas, que non sabemos onde acabarán.

Con todo, unha cousa é o que di a Xunta en relación ao programa de recuperación dos solos contaminados, e outra cousa o que en realidade se está facendo. Oficialmente, segundo o plano aprobado no ano 1995, só se abordará a recuperación de 7 solos contaminados (a corto e medio prazo) na Galiza, ademais de someter á vixilancia outros 12. Depois de catro anos, as tarefas case que aínda non comezaron.

Pero o mais grave é a desidia coa que a administración acolle as reivindicacións da poboación nesta materia. Os veciños de Touro tiveron que acudir eles mesmos á Universidade de Santiago para realizar análises das augas



que beben ou utilizan para a rega, atopando-se con altas concentracións de metais pesados, cunha grave contaminación por cobre, aluminio, cinc, níquel... O mercurio e o cobre están tamén presentes nos sedimentos da ria do Burgo, xuntamente con contaminantes non menos perigosos como PCBs e hidrocarburos poliaromáticos (HPA). O lodo de varios lombos da ria do Burgo teñen tecnicamente a consideración de residuos tóxicos e perigosos. A Xunta estudou a situación en 1992 e anos precedentes, pero nada ten feito até o-de hoxe por recuperar estes espazos e evitar a dispersión dos contaminantes cara outras zonas. Sen dúbida, non é necesario ir a Donaña para atopar-se con graves contaminacións por metais pesados.

Día da terra: Non á república eucalipteira

Con motivo da celebración do Día da Terra (22 de abril), ADEGA organizou diversos actos (Lugo, A Coruña e Santiago) de denuncia do grave problema de eucaliptización. Reproducimos mais abaixo o folleto distribuído por ADEGA. Asimesmo, remitiu-se un documento sobre esta problemática ao conselleiro de M.A. no que se solicitava entre outras cousas a retirada das subvencións públicas á reforestación con eucaliptos, e a dedicación destes fondos á reforestación con caducifólias.

NON Á REPÚBLICA EUCALIPTEIRA

A maior parte da Galiza litoral acha-se case completamente eucaliptizada, e os intereses da industria da madeira de desintegración amiazan con eucaliptizar tamén a Galiza interior. Os intereses de ENCE (Celulosa de Pontevedra) ou da Celulosa de Navia (Asturias) podemo-los ollar hoxe na forma de novas plantacións na Terra Chá e noutros lugares do interior, mesmo no Courel: en poucos anos, os bosques autóctonos que aínda conservamos no interior poden ir desaparecendo comidos polo eucalipto, se non lle pomos remedio.

Corremos o risco de perder a nosa paisaxe mais xenuina, ao tempo que estamos perdendo biodiversidade: nos eucaliptais temos até 10 veces menos aves que nos bosques de caducifólias, e tamén se dá unha forte perda de especies vexetais.

Tamén estamos a perder o potencial económico da industria de aserrio e dos móveis, que requiren madeira de calidade, e especies nobres, como o castiñeiro, a nogueira, a cerdeira, o carballo, etc. Outra especie nosas como o bidueiro ou o ameneiro teñen tanto posibilidades económicas como ecolóxicas que ninguén promociona.

Hoxe a administración ten unha forte implicación en todo o que está a pasar cos nosos montes. Perguntamo-nos por qué se nos proibe producir leite e se nos obriga a plantar eucaliptos. Perguntamo-nos por qué non queren os eucaliptos en Europa e queren que os plantemos nós. E preguntamo-nos tamén que está a facer a Xunta e a recién criada Consellería de Meio Ambiente en todo isto. Algúns datos son orientativos do que pasa:

* Desde a aprobación do Plano Forestal en 1992, o eucalipto incrementou a súa extensión en mais dun 20%;

* As cortas de madeira para a próxima década correspondarán en mais dun 75% ao eucalipto;

* As subvencións ao eucalipto incrementaron-se nos últimos anos nun 175% mentes que as correspondentes ás especies caducifólias fixeron só no 15%.